

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [CAMARIÑAS](#)

EDICTO *Pág. 3374 Reg. 2619-x.*

Elevación a definitiva da ordenanza para a expedición das tarxetas de accesibilidade, para persoas con minusvalidez do Concello de Camariñas

Elevado a definitivo o acordo plenario de data 30-10-2004 polo que se aproba provisionalmente a Ordenanza para a expedición das tarxetas de accesibilidade de usuarios para persoas con minusvalidez, ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, publícase o texto íntegro da mesma, anexo ó presente edicto:

"ORDENANZA PARA A EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE , PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ, DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Introducción

Existe a nivel estatal e autonómico lexislación suficiente que xustifica a necesidade de facilitar, desde a administración máis próxima ó veciño/a, como é a local, a súa integración social a través dun regulamento que dote de facilidades de estacionamento a persoas minusválidas que teñen a súa mobilidade reducida, así como de accesibilidade ós transportes públicos a tódalas persoas que presentan algún tipo de limitación.

Para redactar esta Ordenanza tivéronse en conta as seguintes disposicións:

- A Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, especialmente os artigos 80 e 81.
- A Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, que no seu artigo 25 establece que "os municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal".
- A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servicios Sociais, que recolle como principios inspiradores do sistema de servicios sociais , " a prevención sobre as causas que orixinen situacións de marxinación" e a " normalización e a integración dos cidadáns no seu ambiente familiar e social".
- A Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social dos Minusválidos que no seu Título IX, Sección la, artigo 60 fundamenta que : " Polos concellos se adoptarán as medidas para facilita-lo estacionamento dos vehículos automóviles pertencentes os/as minusválidos/as con problemas graves de mobilidade".
- A Lei 8 /1997, de 20 de Agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que na súa sección 2ª, artigo 27, punto 2, segundo parágrafo establece que "os concellos terán que aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida", no punto 3 , do mesmo artigo, establece que "Os concellos terán que aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade de persoas con limitacións".
- O Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. Obxecto:

O obxecto do presente regulamento é a expedición das tarxetas de accesibilidade de usuarios/as, ás persoas con algunha limitación, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade en orde a favorecer o uso e goce dos transportes públicos.

Artigo 2. Titulares das tarxetas:

Serán titulares da tarxeta de accesibilidade de usuarios/as aquelas persoas que, estando empadroadas no Concello de Camariñas teñan recoñecida a condición de minusválidos/as polo EVO correspondente, nun grao igual ou superior ó 33%.

Artigo 3.-Requisitos:

- 1.-Estar empadroado/a no Concello de Camariñas.
- 2.-Ter recoñecida a condición de minusválido/a polo EVO, nun grao igual ou superior ó 33%.

Artigo 4.-Documentación a presentar.

Para obter a referida tarxeta deberá presentarse a seguinte documentación:

1.-Solicitude e impreso oficial normalizado segundo o modelo que se achega, como anexo I, que se lle facilitará no Departamento de Servicios Sociais do Concello, achegando:

- 1.1.-Certificado de empadroamento no Concello de Camariñas.
- 1.2.-Fotocopia do DNI do/a solicitante
- 1.3.-Cualificación do grao de minusvalía expedida polo EVO, no que se lle recoñece con carácter permanente un grao de minusvalía igual ou superior o 33%.
- 1.4.-Unha fotografía tamaño carné

Artigo 5.-Procedemento

5.1.-Correspóndelle ó Concello de Camariñas a expedición das tarxetas de accesibilidade de usuario/as a través do seguinte procedemento:

a) A solicitude, citada no artigo anterior, presentárase no Rexistro Xeral do Concello, (de luns a sábado, de 9:00 horas a 14:00 horas), sendo remitida ao Departamento de Servicios Sociais Municipais para emisión de informe.

b) Cando o/a solicitante non dispoña de certificado de cualificación do grao de minusvalidez, o Concello de Camriñas achegará unha copia da solicitude da tarxeta de accesibilidade ao EVO correspondente, para a realización do informe preceptivo e vinculante para a resolución do expediente.

c) Informe- Proposta da Área de Servicios Sociais Municipal ao Sr. Alcalde, quen dictará a resolución procedente, concedendo ou denegando a tarxeta solicitada.

d) A resolución será notificada a persoa interesada de acordo, co procedemento establecido na Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Unha vez concedidas, as tarxetas de accesibilidade, deberán ser asinadas polo/a titular para logo ser plastificada.

5.2. En caso de cambio de domicilio do/a beneficiario/a de calquera das tarxetas deberase solicita-lo traslado de expediente ó novo municipio de residencia.

Artigo 6.-Características das Tarxetas.

a) A tarxeta de accesibilidade par a persoas con minusvalideces é un documento acreditativo da súa situación, e ten carácter persoal e intransferible.

b) As tarxetas emitidas por este Concello, cumpriran coa normativa vixente en canto á concesión e formato . Neste sentido, as tarxetas terán as seguintes características:

TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS.

1. Dimensións. As dimensións totais da tarxeta de accesibilidade de usuarios serán as seguintes:

Lonxitude 80 mm. Largura 50 mm.

2. Cores.

Fondo da tarxeta: cor azul Pantone 298.

Símbolo internacional de accesibilidade: figura de cor branca sobre fondo azul Pantone Reflex Blue.

Símbolo institucional da Xunta de Galicia: cor azul Pantone Reflex Blue.

Textos: Cor negra.

3. Textura.

A tarxeta de accesibilidade de usuarios estará plastificada, con excepción do espacio reservado para a sinatura ou marca autorizada do titular.

4. Contidos. A tarxeta de accesibilidade de usuarios terá un anverso e un reverso, cada un deles dividido verticalmente en dúas metades.

Metade esquerda do anverso. Nesta parte figurarán:

- O símbolo internacional de accesibilidade.
- O número de serie da tarxeta.
- O período de validez da tarxeta, sinalando a data de caducidade.

Metade dereita do anverso. Nesta parte figurarán:

- A inscrición "Tarxeta de accesibilidade de usuarios", en letras mayúsculas.
- O símbolo institucional da Xunta de Galicia.
- O nome e selo da autoridade ou organización que expide a tarxeta.

Metade esquerda do reverso. Nesta parte figurarán:

- Unha fotografía do titular da tarxeta.
- O nome do titular.
- Os apelidos do titular.
- A sinatura ou marca autorizada do titular da tarxeta. Metade dereita do anverso.
- O texto: "Esta tarxeta dá dereito a utilizar as correspondentes facilidades para usuarios con discapacidade nos transportes públicos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia", en letras mayúsculas ou minúsculas.

5. Tódolos textos se realizarán en lingua galega.

c) En caso de cambio de domicilio do/a titular da tarxeta, será este o que deba solicitarlo traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

Artigo 7.-Validez, caducidade e renovación das tarxetas

7.1.-Con respecto a validez establécese que:

a) As tarxetas terán validez no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

7.2.-Con respecto a caducidade establécese que:

b) Se a cualificación da minusvalidez é permanente, as tarxetas caducarán ós dez anos da súa concesión.

c) Se a cualificación da minusvalidez é provisional, as tarxetas caducarán cando transcorra o prazo da devandita cualificación.

7.3.-Con respecto a renovación establécese que:

d) Cando a tarxeta sexa concedida provisionalmente, para a súa renovación deberá seguirse o procedemento descrito no apartado anterior (punto 5.1)

e) o/a titular de calquera das tarxetas, deberá solicitar unha nova no mes anterior a data de caducidade da que teña expedida.

f) Para proceder á renovación das tarxetas os/as interesados/as deberán aportar, canta documentación lle sexa requirida para certificar que a minusvalía orixe da demanda mantense.

Artigo 8.-Uso da tarxeta

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de xeito reiterado e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que no seu caso puidese recaer no procedemento sancionador incoado para tal efecto, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos polo órgano que a outorgase.

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que sexa publicado integramente no BOP e transcorra o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Camariñas a 19 de outubro do 2004.

ANEXO I

SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS.

DATOS DO SOLICITANTE.

D..... maior de idade, con enderezo en....., teléfono..... titular do DNI número.....

En nome de..... con DNI nº

EXPÓN

Que ten un grao de minusvalidez do..... %, acreditado mediante certificación da EVO.

Que ten un grao de minusvalidez do..... %, pero non ten a certificación do mesmo emitida pola EVO correspondente.

SOLICITA:

Que se lle **expida tarxeta de accesibilidade de usuario**, segundo modelo establecido no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

En Camariñas a..... do..... do.....

Sinatura:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Camariñas, a 24 de febreiro de 2005.

O ALCALDE,

Asdo. Juan Bautista Santos Ramos